



Hai un tempo que ten que ver coa inscrición dos ciclos humanos na natureza. Coa expresión cultural dos ritmos de destrución e rexeneración do cosmos. Coas formas, materias e traballos que serven para medir e articular esas relacións. Nese tempo, póñense en comunicación os mortos cos vivos, o que queda do mundo ancestral e o noso mundo habitado. Xúntanse alí as pantasma e as voces das xeracións que inmediatamente nos preceden: defuntos e devanceiros. Claramente, non é o tempo da Modernidade, nin o do capital. Non é o desfile da Santa Compañía da Historia como progreso. Non é o presente da imaxe nin do consumo. É un tempo que non cabe na historia. Que probablemente sexa o contrario dela. Pero é nese tempo no que se cifraba a posibilidade da comunidade. Dese tempo nace o que de singular ten cada cultura. E é nese tempo ameazado, mais sen colonizar, no que se expresa o algo que aínda queda de indíxena en calquera. É un cru amor que nace nas entrañas da matanza do porco. Quizais sexa un tempo en retroceso. Pero aínda ten un peso material e exprésase no cotiá, con rotundidade estética.

Os xestos básicos que serven para medir a experiencia dese tempo teñen carácter ritual. Son de fundación artística. Resúmense en nocións como as de máscara, fetiche, exvoto, festa ou sacrificio. O seu calendario é o do entroido, o das colleitas, dos velorios e os intercambios de axuda. No seu interior faise irrelevante distinguir a tradición da innovación, a arte da artesanía. As formas que proceden dese tempo tamén históricas porque teñen a conciencia histórica de selo. A cultura popular soubo responder modernamente ás cesuras, posibilidades e violencias propias do seu tempo. E así o nacemento da gramática das mascaradas galegas de inverno, recuperadas trala súa persecución no Franquismo, depende dos traballos específicos de artesáns concretos. E os exvotos, cando agradecen, convocan ás forzas máis antigas do lugar a través da súa permanente camuflaxe. A cultura popular sabe levar ao seu terreo as formas do moderno, como fan tanto os construtores de espantallos, como os oleiros, ou os ebanistas. A través de figuras argalleiras fan volver figuracións antigas, seres de fantasía que pertencen a ese outro tempo antigo onde tiñan un nome aínda. Baixo nomes distintos seguen ao noso lado, no imposible equilibrio da carne coa pedra, do cruceiro coa árbore.

## ***O tempo dos vellos: ritmo, materia e retorno***